

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL, A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (USC) E A UNIVERSIDADE DE VIGO (UVIGO) PARA COMPLETAR AS AXUDAS DOS PROGRAMAS GRANTS DO CONSELLO EUROPEO DE INVESTIGACIÓN (ERC)

Santiago de Compostela, [data da súa sinatura dixital]

REUNIDOS

Román Rodríguez González, conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, nomeado mediante o Decreto 44/2024, do 14 de abril (DOG núm. 73 do 14 de abril), que actúa en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia e no acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, publicado pola Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991 (DOG núm. 82, do 30 de abril).

Antonio López Díaz, reitor magnífico da Universidade de Santiago de Compostela (USC), nomeado mediante o Decreto 35/2022, do 17 de marzo (DOG núm. 56, do 22 de marzo de 2022), en representación desta, e en virtude das facultades que lle confire o artigo 50.1 da Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do sistema universitario, e o artigo 85 do Decreto 14/2014, do 30 de xaneiro, polo que se aproban os seus Estatutos (DOG núm. 29 do 12 de febreiro).

Manuel Joaquín Reigosa Roger, reitor magnífico da Universidade de Vigo (UVigo), nomeado mediante o Decreto 110/2022, do 9 de xuño (DOG núm. 117, do 20 de xuño) en representación desta, e en virtude das facultades que lle confire o artigo 50.1 da Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do sistema universitario, e o artigo 29 do Decreto



13/2019, do 24 de xaneiro, polo que se aproban os seus Estatutos (DOG núm. 38 do 22 de febreiro).

Interveñen en nome e representación das súas respectivas institucións, recoñecéndose mutua e reciprocamente a capacidade para obrigarse, mediante o convenio para o que previamente

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (en adiante, a Consellería) é o departamento da Xunta de Galicia ao que lle corresponden as competencias e funcións en materia de planificación, regulación e administración do ensino regrado en toda a súa extensión, niveis, graos, modalidades e especialidades así como a coordinación do sistema universitario, tal e como se lle atribúen no Estatuto de Autonomía de Galicia, na Lei 6/2013, do Sistema universitario de Galicia, e se especifica no Decreto 138/2024, do 20 de maio (DOG núm. 101, do 27 de maio de 2024), polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

SEGUNDO.- A Secretaría Xeral de Universidades é o órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia para a ordenación, planificación e execución das competencias en materia de universidades e ensinanzas universitarias correspondentes á Consellería, de acordo coas competencias que lle atribúe o Decreto 138/2024, do 20 de maio, de estrutura orgánica da Consellería. Entre as súas competencias correspóndelle a promoción e xestión eficiente e integradora dos recursos e capacidades de investigación do Sistema universitario de Galicia (SUG) para a súa posta en valor no marco do sistema de innovación e, particularmente, a promoción da coordinación das universidades galegas no establecemento de programas, infraestruturas e actuacións en materia de investigación.



TERCEIRO.- A Universidade de Santiago de Compostela (USC) e a Universidade de Vigo (UVIGO) son dúas entidades integrantes do SUG. Forman parte do sector público institucional, dotadas de plena personalidade xurídica e patrimonio propios, que asumen as súas funcións como servizo público, gozando de autonomía con ese fin, no marco da Constitución e das leis.

Ademais da misión docente, realizan actividades de investigación e desenvolvemento científico e tecnolóxico, e de transferencia do coñecemento, o que as configura como dúas das principais axentes xeradoras de coñecemento en Galicia.

CUARTO.- A Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do sistema universitario (LOSU) establece, no seu artigo 28, que as comunidades autónomas e as universidades cooperarán para fomentar a atracción de talento internacional ao sistema universitario e promoverán medidas que faciliten a incorporación do persoal docente e investigador internacional.

QUINTO.- A Estratexia de Especialización Intelixente (RIS3) de Galicia 2021-2027, aprobado por acordo do Consello da Xunta de Galicia do 8 de abril de 2022, define o marco das políticas de investigación e innovación na Comunidade Autónoma para este período. Como instrumento de planificación operativa para a súa implementación entre 2025 e 2027, o Consello da Xunta aprobou o 3 de febreiro de 2025 o Plan galego de investigación e innovación 2025-2027.

O presente convenio enmárcase na RIS3 de Galicia 2021-2027, aliñándose cos tres retos e coas tres prioridades. Así mesmo, contribúe ao obxectivo estratéxico 4, integrándose polo tanto no programa Persoas e Talento da RIS3 e no programa Talento do Plan galego de investigación e innovación 2025-2027.

SEXTO.- O Consello Europeo de Investigación (en adiante ERC, do seu nome en inglés *European Research Council*) busca impulsar a longo prazo proxectos de persoal investigador excelentes e apoia a creación de equipos de investigación, para que realicen unha investigación novidosa, innovadora e potencialmente moi rendible, pero, de alto risco. Trátase de impulsar a investigación punteira e de reforzar a excelencia



científica, o dinamismo e a creatividade nas novas áreas de investigación, priorizando a axuda para realizar a transición á independencia co apoio axeitado á creación ou consolidación dun equipo de investigación propio.

A tal fin o ERC conta, entre outras, con varias modalidades de axuda:

Starting Grants (StG): programa destinado a axudar á creación de grupos de investigación independentes cuxo persoal investigador principal estea en posesión do título de doutor cunha antigüidade de entre 2 e 7 anos e cuxa actividade investigadora estea na fronteira do coñecemento de calquera temática.

Consolidator Grants (CoG): programa destinado a persoal investigador que está a consolidar un grupo de investigación. O persoal investigador principal debe estar en posesión dun título de doutor con antigüidade entre 7 e 12 anos e a actividade investigadora debe estar na fronteira do coñecemento de calquera temática.

Advanced Grants (AdG): programa liderado por investigadores senior con alomenos 10 anos de experiencia para brindar apoio a proxectos de investigación na fronteira do coñecemento de calquera temática que realicen a súa investigación en Europa.

Synergy Grants (SyG): programa que ten como finalidade respaldar proxectos consolidados de investigación na fronteira do coñecemento de calquera temática, liderados por 2-4 investigadores, xa sexan do mesmo país ou de calquera país do mundo sempre que desenvolvan o traballo nun ou varios dos Estados Membros da UE ou dos países asociados.

SÉTIMO.- Polo anteriormente exposto, a Consellería, a USC e a UVIGO coinciden en salientar a necesidade de fomentar accións que incentiven os proxectos de investigadores excelentes no marco dos programas ERC, e, máis concretamente, estiman necesario o respaldo á creación ou consolidación do seu propio equipo ou programa de investigación.

Por conseguinte, as partes abaixo asinantes acordan subscribir o presente convenio, que se rexerá polas seguintes



CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- **Obxecto**

O obxecto deste convenio é establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería, a USC e a UVIGO para achegar unha axuda complementaria para impulsar os proxectos no marco dos programas ERC e a creación e consolidación dun equipo ou programa de investigación excelente, sempre e cando se manteña a condición de beneficiaria do proxecto por parte dunha universidade do SUG.

SEGUNDA.- **Condicións para a percepción das axudas e compromisos das partes**

De acordo coa lexislación vixente, as partes comprométense:

A Consellería comprométese a colaborar no financiamento do gasto realizado pola USC e a UVIGO para impulsar as actuacións derivadas deste convenio.

A USC e a UVIGO destinarán as axudas a financiar as actividades referidas ao proxecto a cargo do persoal investigador principal que, sendo beneficiaria dunha axuda do ERC, manteña, como requisito imprescindible, a condición de beneficiaria do proxecto por parte dunha universidade do SUG.

A USC e a UVIGO comprométense a someterse ás actuacións de comprobación a efectuar polo órgano concedente, así como a calquera outra actuación, sexa de comprobación ou control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos como estatais ou comunitarios, aportando canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

Así mesmo, a USC e a UVIGO comprométense a cumprir calquera outra obriga establecida no artigo 40 do Regulamento da *Lei 9/2007, de subvencións de Galicia*, en relación co artigo 11 da citada Lei.



A USC e a UVIGO tamén se comprometen a facilitar cantos datos resulten necesarios para a valoración do instrumento no marco da avaliación da RIS3 Galicia ou doutros mecanismos, en particular as enquisas do INE, relacionados coa medición da I+D+i. Os datos asignados aos citados instrumentos de avaliación deberán estar consignados á Comunidade Autónoma de Galicia. No marco de seguimento e avaliación da RIS3 Galicia desenvolverase un seguimento específico das axudas concedidas. Este seguimento estará baseado na recompilación de información acerca dos resultados económicos e científico-técnicos obtidos polas entidades beneficiarias. A tales efectos, durante a execución e ao finalizar a axuda (expost), as entidades beneficiarias deberán proporcionar información relativa a unha serie de indicadores, entre os que se incluírán indicadores xerais e específicos de I+D+i.

De conformidade co artigo 31.7 da *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia*, non poderá realizarse o pagamento da subvención en tanto o beneficiario non se atope ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non teña pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma ou sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

Non se poderán financiar custos xa financiados directamente polas axudas dos programas do ERC. Concretamente, a universidade poderá destinar o importe da axuda a calquera dos seguintes conceptos, sempre que de maneira indubidable respondan á natureza do obxecto do convenio, vinculados a actividades relacionadas co proxecto do programa ERC, que ten como beneficiaria a unha universidade do SUG:

- Custo da contratación do persoal investigador ou auxiliar para o equipo de investigación. Inclúese o custo do persoal dedicado de xeito específico ás funcións da xestión do grupo. En todo caso, a subscripción do presente convenio non supón relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre a Consellería e os/as profesionais que desenvolvan as actividades subvencionadas, de tal xeito que non se lle poda esixir responsabilidade algunha, polos feitos ou actos acontecidos no desenvolvemento da actividade. Non serán subvencionables os custos de contratación de persoal nos períodos que non estean en servizo activo nas Universidades do SUG.



- Pequeno equipamento e material funxible e custos de mantemento derivados de materiais, subministracións, instrumental e similares.
- Material bibliográfico e adhesión a sociedades científicas.
- Formación do persoal do equipo relacionado coa actividade do proxecto.
- Desprazamentos vinculados coa actividade do proxecto.
- Persoal investigador visitante.
- Organización de actividades de difusión, reunións científicas, así como presenza nos medios de comunicación.
- Ferramentas de xestión do coñecemento e a información, tales como aplicacións informáticas, bases de datos, etc.

TERCEIRA.- Financiamento

A dotación da Consellería para este convenio é de novecentos setenta e cinco mil euros (975.000,00€), con cargo á aplicación orzamentaria 07.02.561B.744.0 (código de proxecto 2016 00129) no marco do Plan galego de financiamento universitario 2022-2026 (aprobado polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 16 de decembro de 2021, DOG número 248, do 28 de decembro). As anualidades do 2027, 2028 e 2029 integraranse no novo plan de financiamento, sempre que así o permitan as dispoñibilidades orzamentarias.

O custo da axuda complementaria por cada proxecto ERC que teña a condición de beneficiaria por unha universidade do SUG, segundo a modalidade, é a seguinte:

Starting Grants (StG)	50.000 €
Consolidator Grants (CoG)	65.000 €
Synergy Grants (SyG)	80.000 €

A distribución por anualidades está recollida na táboa que segue:



Vinculación SUG		Investigador/a principal (universidade beneficiaria e coordinadora)	Axuda ERC				Axuda complementaria Xunta de Galicia					
Título Proxecto (Acrónimo)	Data vinculación Universidade na categoría profesional Indicada		Convocatoria [Cal.]	Importe (€)	Data inicio [Grant Agreement]	Data fin Axuda	2025	2026	2027	2028	2029	TOTAL
Improving plant immunity by synthetic exploitation of the ubiquitin system (SynUbl)	RyC desde 01/09/2021	Beatriz Orosa Puente (USC)	ERC-2023-CoG	1.850.374 €	01/01/25	31/12/29	65.000 €	65.000 €	65.000 €	65.000 €	65.000 €	325.000 €
Supramolecular Self-Replicating Antimicrobials (Replicate)	- JdC entre 03/04/2019 - 31/12/2020 - MC desde 01/01/2021 - 31/12/2022 - RyC desde 01/01/2023	Ignacio Insua López (USC)	ERC-2024-StG	1.499.496 €	01/01/25	31/12/29	50.000 €	50.000 €	50.000 €	50.000 €	50.000 €	250.000 €
TOTAL USC							115.000 €	115.000 €	115.000 €	115.000 €	115.000 €	575.000 €
Título Proxecto (Acrónimo)	Data vinculación Universidade na categoría profesional Indicada	Investigador/a principal (universidade beneficiaria)	Convocatoria [Cal.]	Importe (€)	Data inicio [Grant Agreement]	Data fin Axuda	2025	2026	2027	2028	2029	TOTAL
Handshake Complexes of Chiral Nanoparticles and Proteins (CHIRAL-PRO)	Catedrático (19/05/22)	Luis M. Liz Marzán (UVIGO)	ERC-2024-SyG	9.272.460 € TOTAL (1.123.700 € UVIGO)	01/04/25	31/03/31	80.000 €	80.000 €	80.000 €	80.000 €	80.000 €	400.000 €
TOTAL UVIGO							80.000 €	80.000 €	80.000 €	80.000 €	80.000 €	400.000 €
TOTAL							195.000 €	195.000 €	195.000 €	195.000 €	195.000 €	975.000 €

Esta cantidade de 975.000,00 euros, trátase dun importe certo e queda por conta das universidades beneficiarias a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada.

No caso de que o proxecto ERC teña unha duración superior ás 5 anualidades, poderá addendarse este convenio para a cobertura máxima do tempo establecido na concesión do proxecto ERC.

Así mesmo, por mor das características das bases destas convocatorias ERC e da posibilidade de solicitar prórrogas á Comisión Europea (sen que estas supoñan aumento do orzamento), poderá ser necesario redistribuír o importe das anualidades previstas inicialmente, sen incrementar o importe total da axuda complementaria deste convenio. Por este motivo, de acordo co artigo 26.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, prevese a posibilidade de modificar a distribución das contías



de cada proxecto indicadas no cadro anterior a petición da entidade beneficiaria, a través de resolución da Secretaria Xeral de Universidades da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, previo informe favorable da Comisión de seguimento e coa tramitación do correspondente reaxuste de anualidades no expediente de gasto. Para iso, será necesario, presentar a concesión de prórroga por parte da Comisión Europea antes do 1 de outubro de 2029.

A axuda é compatible con outras concedidas para o mesmo fin; pero, en ningún caso, o importe da subvención achegada pola Consellería poderá ser de tal contía que, illada ou en concorrencia con outras subvencións, supere o custo da actividade subvencionada, tal como se establece no artigo 17.3 da *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia*. De selo caso, deberá reintegrarse o financiamento público polo importe que supere o custo total e real da actividade, segundo o establecido no artigo 21.2 do regulamento da *Lei 9/2007, do 8 de xaneiro, de subvencións de Galicia*, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro (DOG núm. 20, do 29 de xaneiro).

CUARTA.- Xustificación e Fórmula de pagamento

Para os pagamentos correspondentes, a USC e a UVIGO chegarán antes do 1 de decembro de cada ano de vixencia do convenio:

- Unha certificación expedida polo órgano que teña atribuídas as facultades de control que faga referencia á toma de razón en contabilidade, na que conste o cumprimento da finalidade do presente convenio e que os fondos foron destinados a este fin, así como o detalle da realización dos gastos e dos pagamentos. Os pagamentos correspondentes ás nóminas e seguridade social dos meses de novembro e decembro de cada anualidade presentaranse como xustificante de gasto do ano seguinte. Deberá entregarse folla de cálculo e pdf asinado con exacta correspondencia entre ambos os dous documentos.
- Unha memoria explicativa das actividades desenvolvidas con cargo aos fondos recibidos, asinada polo/a investigador/a principal.



- Unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para este fin, das distintas administracións públicas.
- Un certificado asinado pola universidade no que se acredite no período do pagamento a condición de beneficiaria do proxecto concedido no programa ERC e a vinculación ou adscrición do posto do persoal investigador principal referido.
- De conformidade co artigo 31.7 da *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia*, e co establecido no artigo 11.a) do regulamento da Lei de subvencións de Galicia, a obriga da USC e da UVIGO de presentar a certificación do cumprimento de obrigas coa Administración pública da Comunidade Autónoma, coa Administración do Estado e coa Seguridade Social substituirase por unha declaración responsable de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración.

Así mesmo, os pagamentos realizados no mes de decembro de cada unha das anualidades, agás a correspondente á última anualidade de vixencia da axuda, poderán presentarse como xustificante de gasto do ano seguinte, ante a imposibilidade de presentalos na anualidade correspondente por estar rematado o período de xustificación.

QUINTA.- Comisión de seguimento

Para velar polo cumprimento do estipulado, crearase unha comisión paritaria de seguimento da execución do convenio, que se reunirá a petición dunha das partes, constituída do seguinte xeito:

- Pola Consellería, o/a secretario/a xeral de Universidades ou persoa en quen delegue, que actuará como presidente/a, e outro membro da Secretaría Xeral de Universidades.



- Pola USC, o/a reitor/a da Universidade de Santiago de Compostela ou persoa en quen delegue.
- Pola UVIGO, o/a reitor/a da Universidade de Vigo ou persoa en quen delegue.

Actuará como secretario/a da comisión, con voz pero sen voto, o/a xefe/a de servizo de Planificación e Estruturação da Investigación.

A actuación da comisión de seguimento axustarase ao establecido nos preceptos básicos da *Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público*, e na *Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia*.

A dita comisión actuará como órgano de vixilancia, seguimento e control do establecido neste convenio, promovendo propostas de solucións aos posibles conflitos. Así mesmo, corresponderalle propoñer á Secretaría Xeral de Universidades variacións na distribución dos fondos por anualidades, a condición de que estas variacións non supoñan un incremento do importe da subvención prevista. Non obstante, a Consellería ostentará as prerrogativas de interpretación, modificación, resolución e nulidade, propias dos negocios xurídicos administrativos de acordo coa Lei de contratos do sector público. En todo caso, aquelas cuestións que se susciten en relación co outorgamento, cumprimento, xustificación e pagamento, así como o reintegro e determinación das posibles responsabilidades relativas á subvención concedida, serán resoltas pola Consellería.

SEXTA.- **Modificación do convenio**

Consonte co disposto no artigo 17.4 da Lei 9/2007, toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente doutras achegas fora dos casos permitidos nas presentes cláusulas, poderá dar lugar á modificación do presente convenio.

De conformidade co disposto no artigo 31.4 da *Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico*, os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do



sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. Ditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.

SÉTIMA.- **Vixencia do convenio**

O presente convenio entrará en vigor coa sinatura dixital da última persoa asinante, sen prexuízo de que poidan atender accións realizadas desde o 1 de xaneiro de 2025, e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2029.

OITAVA.- **Extinción do convenio**

Non obstante ao establecido no apartado anterior, este convenio poderá extinguirse por acordo mutuo e voluntario das partes, por renuncia dalgunha ou por denuncia deste por incumprimento dalgunha delas, o que se comunicará fidedignamente, previa audiencia e con, polo menos, un mes de antelación. Así mesmo, o convenio extinguirase polas causas previstas no artigo 51 da *Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público*. En calquera destes casos, así como no caso de incumprimento das obrigacións e compromisos asumidos por cada unha das partes, procederase á revogación da axuda, así coma ao reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de mora nos casos previstos no artigo 33 da *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia*.

NOVENA.- **Natureza do convenio**

De acordo co establecido no artigo 36 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia*, este convenio ten un interese público, xa que ao contribuír a sufragar gastos asociados a proxectos de investigación punteira e de reforzar a excelencia científica, así como a



creación e consolidación dun equipo investigador no marco dos programas do ERC, estase a potenciar unhas carreiras profesionais independentes, reforzando a excelencia, o dinamismo e a creatividade da investigación, superando o problema estrutural que supón o desperdicio do talento investigador e o retraso da aparición da próxima xeración de persoal director de investigacións independentes.

No ámbito do SUG, as universidades beneficiarias dun proxecto ERC, aos que se vincula a axuda, son as únicas con subvencións vixentes do ERC (convocatorias 2023 e 2024). Por iso, non é necesario promover a concorrència competitiva da subvención. Neste punto, téñase en conta que é un programa da Unión Europea, nos que tanto o proxecto coma o currículo do/a investigador/a principal pasan un rigoroso proceso de avaliación onde o único criterio é a excelencia.

O presente convenio de colaboración ten a natureza dos previstos no artigo 47.2.a) da *Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público*, rexéndose aos seus efectos polo establecido nas cláusulas deste e, no seu defecto, pola normativa xeral en materia de contratos das administracións públicas e polo establecido na *Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia* e no seu Regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

DÉCIMA.- **Publicidade e transparencia**

Segundo a disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da *Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006*, a USC e a UVIGO consenten expresamente para que a Administración autonómica inclúa e faga públicos, nos rexistros regulados neste decreto, os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas.

A reserva que puidera facer a USC e a UVIGO no sentido de non autorizar a obtención dos datos ou a publicidade destes nos rexistros, que, en todo caso, terá que expresarse, poderá dar lugar á exclusión do proceso de participación para obter a axuda ou á revogación do acto de outorgamento.



De acordo co disposto no *Marco sobre axudas estatais de investigación e desenvolvemento e innovación* (DOUE C 414/1, do 28 de outubro de 2022), non se aplica o establecido no artigo 107.1 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea e, polo tanto, non terá a condición de axudas de estado as axudas previstas neste convenio por outorgarse a organismos de investigación para actividades non económicas. Non obstante, a USC e a UVIGO deberán garantir que as actividades derivadas deste convenio se axustan ás normas procedimentais e materiais vixentes no momento da concesión da axuda, debendo informar á Consellería por medio da comisión de seguimento.

A subvención estará sometida á función interventora e de control financeiro exercida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece a *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia*. Así mesmo, estarán sometidas ás actuacións de comprobación e previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

En aplicación dos principios recollidos na *Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno* e de acordo co indicado na actual redacción do artigo 20 da *Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións*, a información correspondente ao presente convenio publicárase na Base de Datos Nacional de Subvencións. Ademais, o convenio incluírase nun rexistro de convenios público e accesible e referenciarase no Diario Oficial de Galicia, todo iso de conformidade co establecido no artigo 15 da *Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno*.

As partes asinantes deste convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan no mesmo, así como o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

De acordo co estipulado no artigo 53 da *Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público*, este convenio deberá ser remitido ao Consello de Contas nos termos que no mesmo se establecen.

UNDÉCIMA.- Resolución de controversias



O presente convenio réxese en canto a súa interpretación e desenvolvemento polo ordenamento xurídico administrativo, con expresa submisión das partes á xurisdición contencioso-administrativa, nos termos que se establecen no artigo 47 e seguintes da *Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público*.

Lido por todas as partes, por si mesmas, e como proba de conformidade co expresado no presente convenio, asínano dixitalmente

Román Rodríguez González
Conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional

Antonio López Díaz
Reitor da Universidade de Santiago de Compostela (USC)

Manuel Joaquín Reigosa Roger
Reitor da Universidade de Vigo (UVIGO)

